

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS DE DESPRAZAMENTO “OURENSE RURAL-GRAO” PARA ESTUDANTADO DE GRAO DO CAMPUS DE OURENSE PARA O CURSO 2026/2027

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h) dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

Esta convocatoria forma parte dun proxecto máis amplo de extensión da UVigo ao rural, coa finalidade de apoiar ao desenvolvemento endógeno das comunidades rurais, e en especial, o estudantado universitario que alí resida, en liña con:

a) Obxectivo 9 do Plan Estratéxico da UVigo 21-26: “Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social a través da cooperación con entidades públicas e privadas”, concretamente coa acción “Potenciar o rural como motor de Desenvolvemento social”.

b) A Axenda 2030, concretamente,

- ODS 4: educación de calidade,
- ODS 8: traballo decente e crecemento económico,
- ODS 10: reducir as desigualdades,
- ODS 17: alianzas para lograr os obxectivos.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE

1. Convocar en réxime de concorrencia competitiva, as bolsas de desprazamento para o estudantado empadroado en concellos rurais de Galicia e matriculado en estudos de grao no campus de Ourense no curso 2026/2027, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da Universidade.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A reitora

Por delegación RR 02/07/2026 (DOG 08/07/2026)

A vicerreitora do Campus de Ourense

María Montserrat Cruz González

Páxina 1 de 10



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA “OURENSE RURAL-GRAO” DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO 2026/2027

1. OBXECTO

A presente convocatoria está prevista no Plan Estratéxico de Subvencións da Universidade de Vigo como acción destinada ao cumprimento do obxectivo 26, “Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria”, a través da compensación do custo económico que supón a realización de estudos universitarios oficiais de grao para o alumnado empadroadado en concellos rurais de Galicia, distantes do campus universitario e con dificultades de conexión a través de medios de transporte habituais.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLITANTES

Poderá solicitar axuda o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos xerais

a) Atoparse nalgún dos seguintes casos:

- Posuír nacionalidade española.
- Posuír a nacionalidade dun estado membro da Unión Europea e acreditar a condición de residente legal a 31 de decembro de 2025.
- Persoas con nacionalidade extra comunitaria que acrediten a 31 de decembro de 2025 a residencia legal en España, de acordo co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España (non será suficiente o permiso de estadía por estudos) agás no caso das persoas solicitantes de estatuto de refuxiado ou protección subsidiaria que deberán cumprir o requisito de residencia a 30 de xuño de 2026.

b) Estar inscrito no padrón dos concellos de Galicia de 5.000 habitantes ou menos con 12 meses de antelación á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2.2. Requisitos académicos:

a) Estar matriculado/a en titulacións oficiais de grao en centros propios do campus de Ourense ou da Escola de Enfermaría de Ourense no curso 2026/2027 nun mínimo de **60 créditos** ou da totalidade dos que lle permita a normativa da universidade, agás no caso de alumnado con discapacidade de grao igual ou superior ao 65 por cento que poderá reducir a carga lectiva ata un máximo de 50%. A data límite para realizar a matrícula será o **11 de setembro de 2026**.

b) Non ter sido beneficiario de bolsas Ourense Rural en cursos anteriores o número máximo de bolsas permitidas que é:

- 6 bolsas concedidas para alumnado de Grao da Rama de Enxeñaría,
- 5 bolsas concedidas para alumnado do resto de estudos de Grao,

c) Non estar en posesión ou non reunir os requisitos legais para a obtención dunha titulación do mesmo nivel ou superior ao correspondente aos estudos para os que se solicita a axuda.



2.3. Requisitos económicos:

a) A suma de **rendas** de todos os membros da unidade familiar non pode superar os seguintes limiares:

- Familias de 1 membro: 13.898,00 euros.
- Familias de 2 membros: 23.724,00 euros.
- Familias de 3 membros: 32.201,00 euros.
- Familias de 4 membros: 38.242,00 euros.
- Familias de 5 membros: 42.743,00 euros.
- Familias de 6 membros: 46.142,00 euros.
- Familias de 7 membros: 49.503,00 euros.
- Familias de 8 membros: 52.850,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse 3.340,00 euros por cada novo membro computable.

b) O **patrimonio** familiar non poderá superar os seguintes limiares:

- A suma de rendementos netos reducidos de capital mobiliario máis o saldo neto positivo de ganancias e perdas patrimoniais non poderá superar 1.900,00 €.
- A suma de valores catastrais das fincas urbanas pertencentes á unidade familiar, excluída a vivenda habitual, non poderá superar 47.200,00 €. Os valores catastrais pondéranse de acordo cos coeficientes establecidos na normativa de bolsas de carácter xeral do MEFPD para estudantes universitarios para o curso 2026/2027.

Para o cálculo da renda familiar, serán membros computables o pai e a nai (ou as persoas titoras legais), a persoa solicitante, e os/as irmáns/ás solteiros/as menores de 25 anos.

Tamén serán considerados membros computables, os/as irmáns/ás de maior idade cando se trate de persoas con discapacidade e os/as avós/avoas, que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio mediante o certificado municipal conxunto correspondente a 31 de decembro de 2025. **No caso de non acreditar a convivencia non serán tidos en conta.**

No caso de separación legal ou divorcio dos proxenitores cando a custodia é compartida, consideraranse membros computables: o pai e a nai do/a estudante que solicita a bolsa, e os/as fillos/as comúns. Cando a custodia non sexa compartida non se considera membro da familia aquel que non conviva có/coa solicitante, pero si o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación. Tamén se incluírán os/as fillos/as de ambos que convivan nese domicilio, tanto comúns a ambos cónxuxes como non comúns, se son solteiros/as menores de 25 anos ou os de maior idade cando se trate de persoas con discapacidade.

No caso de que o /a solicitante que constituía unha unidade familiar independente, consideraranse igualmente membros computables o cónxuxe ou a persoa coa que estea unida por unha relación análoga á conxugal, así como os/as fillos/as, no caso de habelos.

No caso de solicitantes que alegan independencia familiar e económica, deberá acreditar que conta con medios económicos propios suficientes así como a titularidade ou aluguer da vivenda a 31 de decembro de 2025.

Será de aplicación a efectos da composición da unidade familiar o disposto na normativa de bolsas MEFPD de carácter xeral para estudantes universitarios para o curso 2026/2027.



Tamén será de aplicación no tócate ao cálculo da renda e do patrimonio, agás o establecido con respecto ás rendas exentas de IRPF que serán computadas na renda familiar.

Poderá obterse a condición de beneficiario destas axudas aínda que non se cumpran os requisitos establecidos no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións*, conforme o disposto no artigo 4.5 do *Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas*.

3. INCOMPATIBILIDADES

Esta axuda será complementaria e compatible coa Axuda ao estudo da UVIGO e coa bolsa de carácter xeral do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes convocada por Resolución do 23 de marzo de 2026 (BOE do 25).

As axudas son incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. O importe máximo do crédito retido para esta convocatoria é de 35.800,00 € e no seu financiamento participan:

- Consello Social da Universidade de Vigo, cunha achega de 6.000,00 € para o que se dispón do crédito orzamentario correspondente na partida 2026 00CS 421S 482.10.
- Universidade de Vigo, cunha achega de ata 29.800,00 € para o que dispón dun crédito orzamentario correspondente na partida 2026 AUGA 121D 482.10.

para o que se achegan os correspondentes certificados de existencia de crédito.

No caso de existir crédito dispoñible nas condicións establecidas no artigo 58.2 do Real 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, poderase ampliar o crédito da presente convocatoria. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, no seu caso, á previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito deberá ser publicada no Portal de bolsas da web da UVIGO e nos rexistros xerais da universidade con carácter previo á resolución de concesión, sen que tal publicación implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

2. As axudas previstas se destinarán a cubrir os gastos derivados do desprazamento desde o termo municipal da vivenda habitual ata o concello de Ourense ata un máximo de

- De 5 a 9 Km200 euros
- De mais de 9 a 29 Km400 euros
- De mais de 29 e 39 km800 euros
- De mais de 39 km1.000 euros



No caso de que non exista crédito suficiente para outorgar a contía establecida á última persoa seleccionada, esta recibirá o importe restante ata o esgotamento do crédito, sen prexuízo de que no caso de que se produza algunha renuncia se lle completase ata a contía prevista.

3. O pagamento da bolsa efectuarase no prazo de un mes desde a resolución de adxudicación mediante transferencia á conta bancaria en España indicada polo/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. A solicitude realizarase a través do **formulario en liña** dispoñible na web da universidade: <http://secretaria.uvigo.gal/> deberá rexistrarse e seleccionar "bolsas propias de estudos" / **Bolsa Desprazamento Ourense rural**.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación desta resolución ata o **9 de outubro de 2026 ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (*art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, se lle requirirá para que a presente de xeito electrónico.

3. No momento de facer a solicitude achegarse a seguinte documentación:

- O anexo II deberá ser asinado por cada un dos membros da unidade familiar autorizando á universidade a consultar directamente datos nas plataformas de mediación, e **presentalo en formato pdf xunto coa solicitude**.
- Documentación acreditativa das distintas situacións que afecten á **composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2025**:
 - Certificado municipal conxunto nos casos seguintes:
 - Viuvez, separación e divorcio.
 - Independencia económica e familiar
 - Se hai ascendentes dos pais e irmáns/ás maiores de 25 anos con discapacidade residindo no domicilio familiar.
 - Sentenza de divorcio ou convenio regulador, de ser o caso.
 - Independencia económica e familiar: deberá presentar a documentación xustificativa de ter domicilio en propiedade ou en aluguer, e de dispoñer dos medios económicos suficientes para facer fronte aos seus gastos, contrato de aluguer e xustificación de ingresos.
 - No caso do estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia deberá presentar certificado expedido polo órgano competente da comunidade autónoma.
- Documentación acreditativa das situacións que dan dereito a dedución no cálculo da renda:
 1. Título familia numerosa.
 2. Acreditación de orfandade absoluta.
 3. Certificado de discapacidade (do/a solicitante, irmáns e fillos/as do solicitante).



4. Irmáns estudantes universitarios residentes fora do domicilio familiar durante o curso anterior 2025/2026 (expediente académico e contrato de aluguer).
5. Familia monoparental.
- Documentación acreditativa dos ingresos percibidos no estranxeiro polos membros da unidade familiar do ano 2025.

Tamén se lle poderá requirir que acheguen outra documentación que a xuízo da comisión de selección resulte necesaria para a correcta avaliación dos requisitos. O feito de non achegala será causa de exclusión.

6. COMPROBACIÓN DE DATOS

De acordo co establecido no artigo 28 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, para a tramitación deste procedemento consultarase de xeito electrónico os datos necesarios para a verificación do cumprimento dos requisitos de renda e patrimonio, para o que todos os membros da unidade familiar deberán dar o seu consentimento (anexo II) en aplicación do disposto no *Regulamento (UE) 2016/679 e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais*.

Así mesmo consultarase de xeito electrónico os seguintes datos en poder das administracións públicas, agás no caso de que se opoña expresamente:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante e dos demais membros computables da unidade familiar maiores de idade.
- b) Certificado do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), da persoa solicitante e de cada membro computable da unidade familiar, en relación as prestacións de desemprego percibidas nun período.
- c) Certificado do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), da persoa solicitante e de cada membro computable da unidade familiar, en relación as prestacións de desemprego percibidas con data actual.
- d) Certificado do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), que indique se a persoa solicitante e os demais membros computables da unidade familiar se son ou foron perceptores de pensións/prestacións do sistema da Seguridade Social, no que se indique, se procede, a contía actualmente recoñecida, así como aquelas percibidas desde o 1 de xaneiro de 2025 ata a data de emisión da certificación.
- e) Informe de vida laboral dos últimos doce meses de cada membro computable da unidade familiar
- f) Datos do padrón de todos os membros da unidade familiar con data da última variación
- g) Residencia legal
- h) Familia numerosa
- i) Discapacidade da persoa solicitante, irmáns/as e fillos/as
- j) Títulos universitarios

No caso de existir oposición, ou que as administracións non dispoñan de datos ou existan dificultades técnicas que impidan a súa cesión, a persoa solicitante deberá enviar os documentos que achegarán información a bolsas@uvigo.es no prazo de solicitudes.



7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán de **cinco días hábiles** contados a partir do día seguinte ao de publicación para emendar os erros e a falta de documentación, e para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual dirixido á Sección de Axudas e Bolsas. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro*.

No caso de existir dúbidas acerca do cumprimento dos requisitos estas serán resoltas pola comisión de selección

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada por unha comisión de selección ata o esgotamento do crédito orzamentario de acordo coa suma das seguintes puntuacións:

1. Puntuación por situación económica:

Número de membros da unidade familiar	Renda inferior a	Renda inferior a:	Renda inferior a:	Renda inferior a:	Renda inferior a:	Renda inferior a:
1	13.898 €	12.005 €	10.112 €	8.843 €	6.085 €	4.192 €
2	23.724 €	20.660 €	17.597 €	13.264 €	10.973 €	7.910 €
3	32.201 €	28.188 €	24.176 €	17.685 €	15.460 €	11.448 €
4	38.242 €	33.739 €	29.237 €	22.107 €	19.464 €	14.962 €
5	42.743 €	38.042 €	33.342 €	25.644 €	23.127 €	18.427 €
6	46.142 €	41.439 €	36.736 €	29.181 €	26.523 €	21.820 €
7	49.503 €	44.789 €	40.076 €	32.718 €	29.851 €	25.138 €
8	52.850 €	48.115 €	43.380 €	36.255 €	33.120 €	28.386 €
Puntos	1	2	3	4	5	6

A partir do oitavo membro engadiranse 3.340 € por cada novo membro computable.

2. Distancia: 4 puntos cando o domicilio familiar no que que está empadroadado se atopa a mais de 39 km do campus de Ourense.

3. Nota media calculada en base 10 ata 10 puntos

- Para o estudantado que inicie estudos de Grao será a nota de acceso á universidade excepto os cambios de estudos do mesmo nivel ou adaptación a un novo plan de estudos, neste caso terase en conta a nota media do último curso cursado.
- Para o estudantado que continúa estudos de Grao será a nota media das materias cursadas no curso anterior.



- Ao estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia se lle sumarán dous puntos a nota.

No caso de empate na puntuación final terá prioridade o alumnado con maior puntuación no apartado 3 (nota media) e de seguir o empate terá prioridade o alumnado con maior puntuación no apartado 1 (puntuación económica).

A comisión de avaliación que está composta por:

Presidenta: María Montserrat Cruz González, vicerreitora do Campus de Ourense

Secretaria: María Guadalupe Fernández Romero, xefa da Sección de Axudas e Bolsas

Os vogais serán os membros da Comisión Permanente Delegada do Consello do Campus de Ourense

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora tivese que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/das compoñentes non puidese asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee, o cal deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas** con bolsa concedida coa súa puntuación, persoa con bolsa denegada coa mención da causa de denegación e a listaxe de agarda coa puntuación para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao de publicación, presentando o formulario na secretaría virtual dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez revisadas as alegacións pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas enviará a proposta á vicerreitoría do campus de Ourense, quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda coa puntuación para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 6 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no portal de bolsas da web da universidade, xurdindo os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

8. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co



xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.

9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá estar matriculada na titulación oficial do campus de Ourense durante todo o curso académico 2026/2027 para poder manter a súa condición de bolseira.

Ademais o/a beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

10. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación ou alteración de datos, ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, estará obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS

Autorizo á Universidade a consultar os datos de renda e patrimonio a través das administracións tributarias e a Dirección Xeral do Catastro (debe ser asinado por cada un dos membros da unidade familiar).

Membros da unidade familiar:

NIF	NOME E APELIDOS	SINATURA

No caso de non autorizar a consulta deberá enviar a bolsas@uvigo.es a documentación que achegue información sobre a renda e patrimonio da unidade familiar no prazo de presentación de solicitudes.

